

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 12 de abril de 2002 pola que se regula o procedemento de consolidación parcial do complemento específico dos directores dos centros públicos.*

O artigo 25 da Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro, da participación, a avaliación e o goberno dos centros docentes públicos, prevé que os directores dos centros docentes públicos nomeados de acordo co procedemento establecido na lei, que exercerán o seu cargo coa valoración positiva durante o período de tempo que cada Administración educativa determine, manterán, mentres permanezan en situación de activo, a percepción dunha parte do complemento retributivo correspondente, de acordo co número de anos de exercicio do seu cargo.

O Decreto 120/2002, do 22 de marzo, regula a consolidación parcial do complemento específico dos directores dos centros docentes públicos de Galicia, autorizando a súa disposición derradeira o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria para dicta-las disposicións necesarias para a súa aplicación e desenvolvemento.

En consecuencia e na súa virtude, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

### *DISPÓN:*

Primeiro.-Cada vez que se complete o período de mandato no desempeño da dirección de centros docentes públicos, efectuarase unha valoración do exercicio do cargo para os efectos da consolidación parcial do complemento específico establecida no Decreto 120/2002, do 22 de marzo.

que pona de manifesto o grao de cumprimento dos obxectivos marcados para o mandato, a eficacia e eficiencia coa que se desempeñou o cargo, cunha referencia ós criterios establecidos no artigo 7 do Decreto 120/2002, do 22 de marzo.

Sexto.-A avaliación do exercicio da dirección realizárasea unha comisión formada por:

a) O xefe do Servicio da Inspección de Educación, que será o seu presidente.

b) Dous inspectores designados polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

c) Dous directores de centros docentes, nomeados polo delegado provincial, por proposta da xunta provincial de directores de centros de ensino non universitario.

Sétimo.-O inspector do centro emitirá un informe que se referirá fundamentalmente ós criterios que deben informa-la avaliación, establecidos no artigo 7 do Decreto 120/2002, do 22 de marzo, e a eficacia e eficiencia coa que se desenvolveu a función directiva.

Oitavo.

1. A comisión avaliadora, analizado o informe do inspector do centro e, de se-lo caso, a memoria presentada polo interesado, levantará acta da sesión e proporalle ó delegado provincial da consellería a resolución de avaliación positiva ou negativa do exercicio da función directiva.

2. A comisión avaliadora poderá solicita-los informes complementarios que xulgue pertinentes.

Noveno.

1. Á vista da proposta da comisión avaliadora, o delegado provincial da Consellería de Educación e

Ordenación Universitaria dictará resolución, que lle será notificada ó interesado, sobre a súa avaliación no exercicio da función directiva e, no caso de ser positiva, a porcentaxe de consolidación do complemento específico que corresponda e o nivel e tipo de centro no que desempeñou a función.

2. Na resolución especificaranse os efectos económicos, que serán do 1 de xullo do ano en que se remata o período de mandato ou, no caso de períodos interrompidos, ós catro anos de exercicio do cargo.

3. A resolución do delegado provincial, que non esgota a vía administrativa, poderá impugnarse mediante a interposición de recurso de alzada, ante o director xeral de Persoal, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó da súa notificación.

Décimo.-A falta de resolución expresa no prazo de seis meses implicará que a avaliación se entende como positiva.

#### *Disposición transitoria*

Primeira.-Considéranse avaliados positivamente tódolos mandatos de dirección nos que se cesara con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2002.

Segunda.-Os efectos económicos da consolidación dos mandatos avaliados positivamente segundo a disposición anterior, serán do 1 de xullo de 2000 ou 1 de xullo de 2001, segundo proceda.

#### *Disposición derradeira*

Primeira.-Facúltase o director xeral de Persoal para dicta-las normas necesarias para o desenvolvemento e cumprimento da presente orde.

Segunda.-A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2002.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

### **CONSELLERÍA DE FAMILIA E PROMOCIÓN DO EMPREGO, MULLER E XUVENTUDE**

*Orde do 4 de abril de 2002 pola que se desenvolve o Decreto 134/2001, do 7 de xuño e se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas e subvencións ó funcionamento das unidades de promoción e desenvolvemento así como se procede á súa convocatoria.*

Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, a Comunidade Autónoma de Galicia ten asumidas as funcións e servizos que, transferidos pola Admi-

nistración do Estado, corresponden á xestión que viña realizando o Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación e, a través do Decreto 488/1997, do 26 de decembro, foille atribuída á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, por medio da Dirección Xeral de Fomento do Emprego, o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego e, consecuentemente, a convocatoria, xestión e control das subvencións e axudas públicas da política de emprego anteriormente xestionadas polo Inem, entre as que están as unidades de promoción e desenvolvemento e que, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, son obxecto de regulación mediante o Decreto 134/2001, do 7 de xuño.

O citado decreto establece as liñas básicas do programa, sendo necesario agora o desenvolvemento e regulación detallada do seu contido. Así, esta orde recolle as bases aplicables á convocatoria pública das axudas e subvencións ás unidades de promoción e desenvolvemento, o seu obxecto e finalidade, os requisitos das entidades solicitantes, os procesos de selección do persoal participante, o procedemento de concesión, o prazo e forma da aplicación definitiva dos fondos, a concesión de anticipos, etc. así como aqueloutros aspectos que resultan esixibles a teor do previsto na normativa xeral aplicable ás ditas axudas e subvencións, incluídas as previsións do Fondo Social Europeo.

Ademais, esta convocatoria axústase ó disposto no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia; ó previsto no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro; e, en concreto, no relativo ós principios de obxectividade, concorrencia e publicidade na concesión das axudas e subvencións, ó preceptuado na Lei 4/2000, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2001, en vigor en virtude do disposto no artigo 54 do citado texto refundido e no artigo 5 do Decreto 401/2001, do 28 de decembro, polo que se regula a prórroga dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2001 para o exercicio de 2002.

De conformidade co previsto no citado texto refundido, o financiamento, entre outras, das axudas previstas nesta orde, realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 14.04.241A.480.0 da prórroga dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio económico de 2002, por un importe de 906.688,74 euros.

Os ditos créditos poderán ser obxecto de modificacións como resultado da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de escolas obradoiro e casas de oficios, unidades de promoción e desenvolvemento e de obradoiros de emprego, coas limitacións que se establezan pola Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofi-